



Asunto: Resolución pola que se finaliza o procedemento para a cobertura temporal, por persoal funcionario interino, dun posto de profesor/a numerario/a dependente da Consellería do Mar

No DOG do 20 de outubro de 2023 foi publicada a resolución da Consellería do Mar de data 11 de outubro de 2023 pola que se dá publicidade á convocatoria do proceso selectivo para a cobertura temporal por persoal funcionario interino de dous (2) postos reservados á escala de profesores/as numerarios/as de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros, dependentes da Consellería do Mar, con destino na Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol. Na propia resolución indicábase que as bases e condicións constan na páxina web da Consellería do Mar <http://mar.xunta.gal>.

Cumpridos os trámites previstos nas bases, o 20 de decembro de 2023 o tribunal de selección eleva á Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Mar a súa proposta de resolución da convocatoria.

No momento en que se dita a presente resolución, constátase que a persoa que se pretendía substituír coa cobertura temporal dun dos postos ofertados está xa incorporada ao mesmo, por finalización da situación de incapacidade temporal que xustificou a súa convocatoria, polo que no referente a ese posto, PEC994030115350005, PROFESOR/A NUMERARIO/A- ESPECIALIDADE NAVEGACIÓN MARÍTIMA, o procedemento perdeu nese momento o seu obxecto, por desaparición da causa que motivou a convocatoria para a súa cobertura temporal.

O artigo 21 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de 2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas establece que "A Administración está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala en todos os procedementos, calquera que for a súa forma de iniciación. Nos casos de (...) desaparición sobrevida do obxecto do procedemento, a resolución consistirá na declaración da circunstancia que conorra en cada caso, con indicación dos feitos producidos e das normas aplicables."

No artigo 84.2 da mesma lei, complementando ao artigo anterior, dispónse que "tamén producirá a terminación do procedemento a imposibilidade material de continualo por causas sobrevidas. A resolución que se dite deberá ser motivada en todo caso."

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal





Polo exposto, esta Secretaría Xeral Técnica, no uso das facultades conferidas polo artigo 17 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e en exercicio das competencias atribuídas polo Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar (DOG nº 58, do 26 de marzo de 2021), modificado polo Decreto 210/2022, do 1 de decembro (DOG nº 239, do 19 de decembro de 2022), e ao abeiro do establecido na Orde do 21 de febreiro de 2022 sobre delegación de competencias en diversos órganos de dirección da Consellería do Mar e na Presidencia da entidade pública empresarial Portos de Galicia (DOG nº 41, do 1 de marzo de 2022), modificada pola Orde do 15 de marzo de 2022 (DOG nº 57, do 23 de marzo),

RESOLVE:

A finalización do procedemento de selección para a cobertura temporal por persoal funcionario interino do posto PEC994030115350005, PROFESOR/A NUMERARIO/A-ESPECIALIDADE NAVEGACIÓN MARÍTIMA, con destino na Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol, por imposibilidade material de continualo pola reincorporación do titular unha vez finalizada a situación de incapacidade temporal que motivou a convocatoria do posto.

Contra a presente resolución, que é definitiva en vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición, perante a consellería do Mar, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación ou poderase impugnar directamente, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, perante o xulgado do contencioso-administrativo competente, conforme ao disposto na Lei 29/1988, do 13 de xullo, de xurisdición contencioso-administrativa.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela,
A secretaria xeral técnica
Silvia Cortiñas Fernández

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal

